CONTEXTO XEOLÓXICO

As antigas canteiras de arxila sitúanse sobre depósitos sedimentarios recentes, acumulados polo río Ulla e polos seus afluentes —Valga e Louro— durante os últimos 12.000 anos. Baixo estes sedimentos aparecen rochas metamórficas paleozoicas (lousas, xistos e neises, de máis de 400 millóns de anos) e granitos formados hai uns 300 millóns de anos.

As arxilas son rochas sedimentarias de gran moi fino (menos de 0,003 mm), formadas por silicatos de aluminio hidratados procedentes da meteorización química de feldespatos presentes en granitos e rochas metamórficas. O seu transporte realízase en suspensión na auga dos ríos, e só se depositan cando o fluxo é moi lento ou a auga permanece estancada. A convexencia de varios cursos fluviais nesta zona favoreceu a formación de pequenos lagos onde se acumularon estas arxilas.

A nivel microscópico, as arxilas están formadas por capas de tetraedros de SiO_4 e octaedros de AlO_6. Entre elas existe un espazo chamado interfoliar que pode albergar moléculas de auga, o que explica a súa plasticidade cando están húmidas e a súa dureza cando se secan. Estas propiedades fan das arxilas un material esencial na fabricación de ladrillos, tellas e outros materiais de construción. Tamén se empregan para cerámica, papel, cosméticos e na agricultura ecolóxica.




Bloque que mostra a xeoloxía da zona. Modificado do Visor GEODE (CN IGME-CSIC).

Vista aérea das minas en 1973



Diagrama da estructura microscópica das arxilas.

A extracción de arxila nesta zona remóntase a máis de 2.000 anos, con evidencias arqueolóxicas que apuntan a unha actividade prerromana. No século XVIII, o Catastro do Marqués de Ensenada xa recollía esta actividade mineira. A finais do século XIX e comezos do XX existiron pequenas industrias cerámicas, ata que en 1921 a empresa Escudero y Cía construíu unha fábrica que industrializou a produción de ladrillos, tellas e bovedillas. En 1927, o control da fábrica pasou ao grupo empresarial Novo y Sierra. Esta empresa continuou ata o peche da fábrica en 2009.



A ruta comeza na zona de aparcadoiro situada entre as lagoas de Mina Mercedes e Mina Porto Piñeiro.

EPSG: 25829 527160 4728000; Coordenadas polares: 42.703980° -8.668292°

Dende aquí pódense percorrer ambas lagoas polos sendeiros sinalizados e visitar o peirao de Santa Cristina, así como os restos do funicular mineiro que conectaba a fábrica co río Ulla. O miradoiro do Galiñeiro ofrece unha vista panorámica da chaira, e no Museo de Historia de Valga pódese atopar información adicional.

PRECAUCIÓN: Zona mineira. Non camiñar fóra da ruta fixada. En tramos de estradas, circular pola esquerda e prestar atención ao tráfico.

Cámara Oficial Mineira de Galicia

100 Cen anos de minería unidos polo futuro de Galicia

Minaría Sostible de Galicia


Co apoio de:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

CONCELLO DE VALGA



ROTEIRO DA MINA MERCEDES E PORTO PIÑEIRO VALGA









No concello pontevedrés de Valga, moi preto da desembocadura do río Ulla na ría de Arousa, atópanse as lagoas de Mina Mercedes e Porto Piñeiro. Antigas explotacións de arxila a ceo aberto, hoxe abandonadas, enchéronse de auga e convertéronse nos maiores lagos artificiais da provincia de Pontevedra. A zona está a ser acondicionada con novas infraestruturas que a transformarán nun espazo de referencia polo seu valor lúdico, paisaxístico e ambiental.

Percorrido:

Contorno da Mina Mercedes: 900 m (ruta circular) / Contorno da Mina Porto Piñeiro: 1.200 m (ruta circular) / Visita ao peirao de Santa Cristina: 4.000 m (ida e volta)

Altitude máxima: *20 msnm* / Altitude mínima: *3 msnm* / Dificultade: *baixa*

Cámara Oficial Mineira de Galicia

100 Cen anos de minería unidos polo futuro de Galicia


Minaría Sostible de Galicia

Co apoio de:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

CONCELLO DE VALGA

PARADAS



1. SENDEIRO ARREDOR DA MINA MERCEDES

EPSG: 25829 527160 4728000; Coordenadas polares: 42.703980° -8.668292°

Aquí comeza o camiño peonil que bordea a Mina Mercedes, unha lagoa artificial de case 4 ha e 20 m de profundidade, formada tras décadas de extracción de arxila para a fábrica de Escudero y Cía. Ao cesar a actividade na década de 1990, o oco encheuse de maneira natural de auga procedente do acuífero e da choiva.

En 2006 restaurouse o contorno para facilitar a visita e mostrar o proceso natural de recuperación ambiental. A flora inclúe salgueiros, amieiros, freixos, espadanas e platanaria. Entre a fauna destacan lavancos, gansos, cisnes, garzas e outras aves migratorias. A lagoa é tamén unha zona de pesca sen morte, con presenza de troita arco da vella.

Este espazo exemplifica a recuperación dunha zona mineira en beneficio da biodiversidade e da comunidade.



Vista da Mina Mercedes coa cheminea do ano 2000 ao fondo onde estaba ubicada a fábrica de cerámica.



Vista da mina Porto Piñeiro cara o oeste

Aspecto das arxilas explotadas en Porto Piñeiro

2. SENDEIRO ARREDOR DA MINA DE PORTO PIÑEIRO

Na mesma zona de aparcadoiro parte o sendeiro bordea a lagoa da Mina Porto Piñeiro, de máis de 5 ha de superficie. A súa orixe é similar á da Mina Mercedes, e o contorno foi igualmente restaurado.

EPSG: 25829 527170 4727513; Coordenadas polares: 42.699596° -8.668203°

Na parte sur do percorrido, na zona dos Regueiros, un corte do terreo permite observar as arxilas extraídas: arxilas areosas (que conteñen unha pequena proporción de area), pouco plásticas e de cor ocre-avermellada. Para mellorar a súa plasticidade para o seu uso industrial mesturábanse con arxilas procedentes de Frades (Mesía, A Coruña).

Durante os invernos, as minas inundábanse e a extracción suspendíase. A arxila transportábase en camión ata a fábrica, situada ao norte das lagoas, e que funcionou entre 1921 e 2009.

A partir de 1963 incorporou un forno de 700 m³, un secadoiro de 120 m e muíños e mesturadoras. A elevada porcentaxe de aluminio nas arxilas obrigaba a cocer a 1.000°C —fronte aos 800°C doutras arxilas—, o que incrementaba custos e contribuíu ao peche. A última cheminea, construída en 2000, consérvase hoxe integrada na fábrica de UROVESA.

3. EMBARCADOIRO DE SANTA CRISTINA E TORRETAS DE CABLES

EPSG: 25829 526460 4728840; Coordenadas polares: 42.711633° -8.676861°

En 1927, construíuse un embarcadoiro fluvial de formigón no río Ulla, nas Caneiras. Dende este embarcadoiro partía un teleférico tipo Bleichert de 800 metros de lonxitude. Era un sistema de dobre cable: un cable groso e tensado sostiña as góndolas, mentres que un cable máis fino, accionado por un motor, as movía. As torres metálicas, separadas por 50 m e con bases de ladrillo, aínda se conservan parcialmente. O embarcadeiro xa non existe.

A arxila de Mesía chegaba en barcazas ata este punto, e dende aquí transportábase á fábrica mediante o teleférico. Tamén se recibía madeira para alimentar os fornos. Os produtos acabados na fábrica—ladrillos, tellas e bovedillas— enviábanse dende este embarcadoiro a Vilagarcía de Arousa e outros destinos.



Río Ulla dende a zona do peirao



Bases das torretas preto do embarcadoiro de Santa Cristina, unha delas pódese ver ao fondo



Torre metálica do cable aéreo dende o peirado de Santa Cristina ata a fábrica

MUSEO DE HISTORIA DE VALGA


EPSG: 25829 528787 4727476; Coordenadas polares: 42.699207° -8.648517°

Situado xunto ao Concello, o museo recolle o patrimonio natural e histórico de Valga, incluíndo a actividade mineira de arxila. É un complemento ideal para comprender o contexto da ruta.

MIRADOIRO DO GALIÑEIRO

EPSG: 25829 529442 4728770; Coordenadas polares: 42.710919° -8.640424°

A poucos minutos en coche das minas, este miradoiro ofrece vistas da chaira, das lagoas, do río Ulla e das montañas circundantes. É un punto privilexiado para interpretar a xeoloxía e a evolución da paisaxe.



Vista dende o Miradoiro do Galiñeiro